

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA, POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR E ASESOR A PROPOSTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE MANTENIMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2020

Con data 02/02/2021 o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de técnico superior de mantemento de espazos públicos (quenda libre) incluída no OEP de 2020, na súa sesión constitutiva e de conformidade co establecido na base 8ª das bases da convocatoria, emitiu unha proposta de nomeamento de persoal auxiliar e asesor que consta na acta de constitución do tribunal cualificador incorporada ao expediente e que resulta do teor literal seguinte:

(...)

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST E PERSOAL ASESOR NO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST, SEGUNDO EXERCICIO PROBAS PSICOTÉCNICAS, CUARTO EXERCICIO, COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO E SEXTO EXERCICIO, COÑECEMENTO INFORMÁTICO.- Acto seguido o Tribunal acorda propoñer que se incorpore, consonte ao disposto na base 8ª das bases reguladoras da convocatoria, persoal auxiliar e persoal asesor especialista durante o primeiro exercicio, tipo test, e persoal asesor para o desenvolvemento do segundo exercicio, probas psicotécnicas, cuarto exercicio, sobre coñecemento idioma galego e sexto exercicio, sobre coñecemento práctico a nivel de usuario de contorno operativo de Windows, manexo de ferramentas de ofimática (libreoffice: writer, Calc impress) e de utilidades elementais de internet no dito contorno (navegación correo electrónico, etc), coas labores que estime pertinentes) limitándose estes a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

.- Proponse, en calidade de membro auxiliar, durante o desenvolvemento do primeiro exercicio, tipo test, a dona Sara Covela Rúa, administrativa xefe de negociado do Servizo de Persoal do Concello de Pontevedra.

.- Proponse, en calidade de asesor para a corrección informática dos exercicios que consistan nunha proba tipo test a don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático don Concello de Pontevedra e, como suplente a don Jaime Barba Garcia Borregón, informático do servizo de informática do Concello de Pontevedra.

.- Proponse, en calidade de asesora do segundo exercicio, probas psicotécnicas, a dona Andrea Picón Costas, pola súa experiencia en outros procesos selectivos, sempre que a súa contratación non supere o límite do contrato menor.

.- Proponse, en calidade de asesora do cuarto exercicio sobre coñecemento do idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodriguez, Asesora lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, e como suplente a dona Marta Souto Gonzalez, técnica superior do servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

.- Proponse, en calidade de asesor do sexto exercicio, exercicios de coñecemento práctico a nivel de usuario de contorno operativo de Windows, manexo de ferramentas de ofimática (libreoffice: writer, Calc Impress, etc) e de utilidades elementais de internet no dito contorno (navegación correo electrónico, etc) a don Jesús Lorenzo Ron, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da unidade de Día.

(...)

En consecuencia, ao abeiro da base 8ª das bases reguladoras da convocatoria e de conformidade coa proposta do tribunal cualificador arriba reproducida, esta concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura no exercicio das súas atribucións delegadas pola Alcaldía mediante Decreto da alcaldía de data 15/06/2019

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de persoal auxiliar, durante o desenvolvemento do primeiro exercicio, tipo test, a dona Sara Covela Rúa, administrativa xefe de negociado do Servizo de Persoal do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Designar en calidade de asesor para a corrección informática dos exercicios que consistan nunha proba tipo test a don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Concello de Pontevedra e, como suplente a don Jaime Barba Garcia Borregón, informático do servizo de informática do Concello de Pontevedra.

Terceiro.- Designar en calidade de asesora do cuarto exercicio sobre coñecemento do idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, Asesora lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, e como suplente a dona Marta Souto Gonzalez, técnica superior do servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Cuarto.- Designar en calidade de asesor do sexto exercicio, exercicios de coñecemento práctico a nivel de usuario de contorno operativo de Windows, manexo de ferramentas de ofimática (libreoffice: writer, Calc Impress, etc) e de utilidades elementais de internet no dito contorno (navegación correo electrónico, etc) a don Jesús Lorenzo Ron, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da unidade de Día.

Quinto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

Así o ordena e dispón a Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal. dou fe.